

7- PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Aqueles alumnos e alumnas con Lingua Galega e Literatura pendente terán que recuperar a materia superando os contidos mínimos fixados para cada curso. Os criterios de avaliación son os fixados na programación didáctica.

Con relación aos procedementos e instrumentos de avaliación, ao ser a Lingua Galega e Literatura unha materia con contidos progresivos xunto á observación directa do alumno na clase no curso no que está matriculado, o profesor levará a cabo un plan de traballo consistente na programación de actividades que axuden o alumno a acadar os contidos mínimos marcados para a superación da pendente, á vez que sirvan para reforzar a asimilación dos contidos do curso no que está matriculado. Ditas actividades, que se entregarán cunha periodicidade semanal, consistirán en exercicios que axuden a consolidar a súa competencia lingüística: de gramática, de ampliación de léxico, de redacción, análise e síntese de textos, así como de comentario literario de textos.

O profesor proporcionará ao alumno as actividades seleccionadas e unha vez realizadas serán revisadas e comentadas por el ante o alumno na hora destinada á atención educativa de materias pendentes.

Probas de avaliación

Se tras o proceso de avaliación continua do plan de traballo, o profesor considera que o alumno non ten acadado os contidos mínimos fixados e como consecuencia a súa avaliación é negativa, ou ben, o alumno non realiza con regularidade as actividades, será avaliado mediante a realización dunha proba escrita que versará sobre os contidos traballados ao longo do curso, a realizar no mes de maio